



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ACADEMIA XACOBEO PARA A CELEBRACIÓN DO I CONGRESO MUNDIAL XACOBEO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Academia Xacobeo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Academia Xacobeo para a celebración do I Congreso Mundial Xacobeo, que terá lugar entre os días 3 ao 5 de xuño de 2021 en Santiago de Compostela e Padrón.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Segundo.- A Academia Xacobeo é unha institución de dereito público, non governamental e sen ánimo de lucro, creada ao amparo do Decreto 392/2003, do 23 de outubro, que regula a creación e réxime xurídico das academias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





A súa creación ten amparo nunha iniciativa privada, plasmada en acta de data 8 de xuño de 2017, na que foron aprobados os seus estatutos. Con posterioridade, por Acordo da Xunta de Galicia de data 23 de novembro de 2017, publicado no DOGA do 12 de decembro do mesmo ano, ao amparo do disposto no citado Decreto foi adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A súa finalidade fundacional principal é a promoción e desenvolvemento da investigación, estudo e divulgación do Camiño de Santiago e do fenómeno Xacobeo en todas as súas vertentes, así como a promoción e difusión dos valores universais que lle son propios; e para o cumprimento dos seus fins, levou a cabo xa importantes actividades, impartindo conferencias en diversos foros de ámbito nacional e internacional.

Terceiro.- A Academia Xacobeia propón un congreso mundial de estudos en torno á tradición xacobeia que aborda o fenómeno da peregrinación e do Camiño de Santiago en todas as súas vertentes, incluíndo diversas disciplinas como son a análise de grandes textos documentais e literarios, a filosofía e a literatura, o dereito, o patrimonio e a saúde.

O proxecto complétase cunha xornada de dinamización da Ruta Xacobeia do Mar de Arousa e Río Ulla, que se compón de dúas conferencias sobre as orixes históricas desta ruta e a súa evolución dentro do conxunto do Camiño de Santiago, e unha visita guiada polos lugares emblemáticos de Padrón como a subida en peregrinación ao Santuario de Santiguiño do Monte, á casa da escritora galega Rosalía de Castro e un recital poético con ofrenda floral na súa memoria.

Cuarto.- A Academia Xacobeia é a única entidade que pode desenvolver a actuación subvencionada, ao tratarse da única iniciativa con tales características realizada na nosa Comunidade Autónoma, e ao ser a Academia Xacobeia a única entidade organizadora da actuación obxecto da subvención, considéranse razóns que acreditan o seu interese público e cultural e, polo tanto, non é posible promover a concorrencia pública.

Que a través deste convenio, outórgase a Academia Xacobeia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificultan a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as





Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

